

# N

**TURGALICIA**  
BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 161 10-16 XUÑO '08

Boletín electrónico semanal de **TURGALICIA**. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónñase en contacto con nós no teléfono:

**902 200 432**

ou no fax:

**981 542 659**



[www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es)



Reservas



Ofertas



Publicacións



Noticias

Edita: **TURGALICIA**. Realización Boletín de Noticias: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/ Uruguai 2, 3º dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 email: [imaxenova@imaxenova.com](mailto:imaxenova@imaxenova.com)

# GALIZA NA EXPO 2008

O País galego preséntase en Zaragoza cun orixinal pavillón no que se difunde a auga como o seu principal elemento de identidade

Galiza participa na Exposición Internacional de Zaragoza, que se inaugura o vindeiro sábado, cun escenario visual e emocional co que tentará transmitir, dunha maneira nova, orixinal e interactiva, que é o país da auga, xa que este elemento a percorre por todos os seus recantos e a define e enriquece.

Para iso, unha pantalla xigante de 13 metros de lonxitude por sete de alto constitúe o elemento central do pavillón galego. Esta estrutura está formada por 3.000 mostras de auga recollidas, entre os meses de febreiro e maio, por un equipo de especialistas que percorreron os 315 concellos de Galiza. As mostras foron introducidas nuns recipientes transparentes que, envasados ao baleiro, conforman unha orixinal malla. Este peculiar muro de auga forma unha pantalla interactiva sobre a que se irán proxectando imaxes do país.

Fronte a esta pantalla esténdese un pavillón de 350 metros cadrados, concibido como un espazo de relax, con atmosfera tipo chill-out onde repousar e captar as sensacións que transmite o lugar.

No lateral esquerdo da sala sitúase unha ringleira de pantallas a través das que o visitante poderá visualizar, entre outros recursos, o making off da captación das augas nalgúns dos lugares máis emblemáticos de Galiza, e percorrer así os mellores recursos turísticos do país relacionados coa auga.



**O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco, e o director xeral de Turismo, Rubén Lois, a pasada semana, durante a súa visita ás obras do pavillón galego na Expo de Zaragoza.**

Á entrada do pavillón, a exposición mostrará cinco grandes paneis informativos montados sobre caixas de luz, sobre os Camiños de Santiago, os espazos naturais de Galiza, o termalismo, as praias, as Denominacións de Orixe, os cascós históricos relacionados coa auga e as industrias do mar.

Por último, a fachada exterior do pavillón artículase como un pórtico escenográfico, cunha infinidade de luces que irán cambiando de cor como alegoría da Vía Láctea, a Galiza verde ou a propia auga.

Durante a celebración de Expo Zaragoza, onde participarán máis de 100 países

e prevese unha afluencia de 7 millóns de visitantes, a promoción de Galiza, a cargo da Consellería de Innovación e Industria, completaráse con espectáculos e actividades que presentarán o País galego como unha economía competitiva, innovadora e atractiva para o investimento, ademais de como destino turístico moi vencellado á auga.

A presenza de Galiza na Expo será especialmente intensa ao longo do mes de xullo. Desenvolverase unha Semana de Galiza na Expo, do 12 ao 18 de xullo, se ben os espectáculos socio-culturais terán continuidade ata o 27.

As actividades, que contan cun orzamento de 350.000 euros, son variadas e inclúen concertos de música folk, pop e clásica nos principais espazos de espectáculos do recinto, unha mostra no centro da cidade de Zaragoza, actos para cativos, o funcionamento dun "aguófono" no interior do pavillón e a celebración do Día de Honra de Galiza, o 18 de xullo.

## Conferencia internacional na Illa da Toxa

A Illa da Toxa, un dos principais centros de Turismo de Congresos de Galiza, acolleu o pasado domingo a III Conferencia Internacional sobre Investigación de Forza e Electromagnetismo, na que participaron profesionais de China, Corea, Países Árabes e Estados Unidos, entre outros lugares.

O evento celebrouse nas instalacións do Hotel Louxo, e, ademais da súa relevancia no ámbito da investigación, serviu para dar a coñecer os atractivos de Galiza en xeral e as Rías Baixas en particular, así como da Illa da Toxa e as súas posibilidades como destino galego de primeira orde para o Turismo de negocios.

